

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día nove de xullo de dous mil sete.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar de interese sanitario a *Fundación Dieta Atlántica*, adscribíndoa á Consellería de Sanidade, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 16 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convocan e regulan, para o ano 2007, diversos premios para o recoñecemento daqueles traballos que en diversos ámbitos culturais contribúan a un mellor coñecemento do fenómeno migratorio galego.

Após a publicación do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior así como a programación de actividades dirixidas á promoción e difu-

sión da cultura galega así como ao coñecemento da realidade actual de Galicia no exterior.

O apoio á creatividade galega nos eidos da produción artística, literaria e da comunicación é un compromiso da Secretaría Xeral de Emigración que se reflicte no programa de premios convocados para este efecto. Que este apoio se concrete nesta convocatoria de premios, para os galegos residentes no exterior e para o recoñecemento daqueles traballos que no ámbito da comunicación e noutros ámbitos artísticos contribúan a un mellor coñecemento do fenómeno migratorio galego no presente e ao longo da historia, contribúe a unha afirmación da nosa presenza cultural no mundo, da cal, os principais axentes son as comunidades galegas espalladas por todos os continentes. Estas comunidades representan un valor fundamental e un mecanismo irrenunciábel a través do cales Galicia faise visible nun mundo crecentemente globalizado e que contribúe de xeito notable a unha dobre función: a transcendencia internacional das manifestacións culturais galegas e o fortalecemento das nosas comunidades da diáspora.

DISPOÑO:

Artigo 1º

Convócanse os premios para o ano 2007, para o recoñecemento daqueles traballos que, en diversos ámbitos culturais, contribúan a un mellor coñecemento do fenómeno migratorio galego, e apróbanse as súas bases, que se publican como anexo I a esta resolución.

Artigo 2º

Para as actuacións derivadas desta convocatoria resérvase un crédito inicial de 28.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 04.50.312C.640.0.

Os premios quedarán sometidos á correspondente retención en concepto de IRPF de acordo co disposto na normativa vixente. O número total de premios son dezaioito, cos importes para cada tipo e modalidade que se establecen no anexo I adxunto.

Artigo 3º

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO I

Bases que rexen os premios convocados pola Secretaría Xeral de Emigración para o ano 2007.

Bases xerais da convocatoria.

1. Obxecto:

Esta convocatoria de premios ten como obxecto a promoción da realización de actividades culturais e artísticas no seo das comunidades de galegos residen-

tes no exterior, contribuíndo á súa dinamización cultural e á súa integración na vida social, artística e cultural de Galicia, e premiar aqueles traballos que no ámbito da comunicación e noutros ámbitos artísticos contribúan a un mellor coñecemento do fenómeno migratorio galego neste e ao longo da historia.

2. Características:

A temática dos traballos presentados será o fenómeno migratorio ao longo da historia e, de xeito específico, o mundo da emigración galega considerado desde calquera perspectiva, agás que as bases específicas de cada concurso admitan temática libre.

3. Modalidades e premios:

Esta convocatoria abrangue os seguintes premios e modalidades:

3.1. Premio de fotografía.

3.1.1. Modalidade analóxica.

-Primeiro premio: 1.500 €.

-Segundo premio: 1.000 €.

3.1.2. Modalidade dixital.

-Primeiro premio: 1.500 €.

-Segundo premio: 1.000 €.

3.2. Premio belas artes.

3.2.1. Modalidade de pintura.

-Primeiro premio: 1.500 €.

-Segundo premio: 1.000 €.

3.2.2. Modalidade de debuxo.

-Primeiro premio: 1.500 €.

-Segundo premio: 1.000 €.

3.3. Premio de comunicación.

3.3.1. Modalidade prensa escrita e dixital.

-Primeiro premio: 1.500 €.

-Segundo premio: 1.000 €.

3.3.2. Modalidade radio e televisión.

-Primeiro premio: 3.000 €.

-Segundo premio: 2.000 €.

3.4. Premio de deseño de carteis.

-Primeiro premio: 1.500 €.

-Segundo premio: 1.000 €.

3.5. Premio á mellor páxina web creada polas entidades galegas no exterior.

-Primeiro premio: 2.500 €.

-Segundo premio: 1.500 €.

3.6. Premio á mellor revista editada polas entidades galegas no exterior.

-Primeiro premio: 2.500 €.

-Segundo premio: 1.500 €.

4. Participantes en cada modalidade:

4.1. Nos premios de fotografía e belas artes poderán participar os galegos, as persoas de orixe galega e os seus descendentes, así como os socios das entidades galegas que, sendo residentes fóra de Galicia, sexan autores de calquera traballo nas modalidades enumeradas nesta base.

4.2. Nos premios de comunicación e deseño de carteis poderá participar calquera autor ou entidade.

4.3. Nos premios de creación da mellor páxina web e de edición revistas poderán participar todas as entidades galegas no exterior.

5. Condicións para a presentación das obras e documentación que hai que achegar:

5.1. Poderán optar aos premios os traballos orixinais e inéditos que non fosen premiados anteriormente noutros concursos, agás as excepcións que para cada premio se establezan.

5.2. Os participantes teñen a obriga de comunicarlle á Secretaría Xeral de Emigración a concesión de calquera outro premio que obteña a obra presentada no momento en que esta situación se produza. A obtención doutro premio durante o proceso de resolución dará lugar á exclusión da obra desta convocatoria, para o que deberá presentar unha declaración de non ter recibido ningún outro premio ou axuda para esta finalidade.

5.3. Cada autor poderá presentar un máximo de dous traballos por modalidade, agás que expresamente se estableza o contrario.

5.4. As obras deberán enviarse debidamente protexidas, sendo responsable o concursante da súa posible deterioración, se esta producise con anterioridade á recepción do envío por parte da administración.

As bases específicas de cada premio establecerán os requisitos e formas de presentación dos traballos.

5.5. Con carácter xeral, o orixinal de cada traballo presentado deberá ser remitido polo seu autor sen que figure a súa identidade en lugar visible. Constarán soamente no sobre ou envoltorio da obra ou traballo a expresión: «Premios Secretaría Xeral de Emigración 2007», a modalidade do premio a que se opta, o título da obra ou traballo e o lema baixo o que o presenta.

Achegarase, no interior do sobre ou envoltorio da obra ou traballo, un sobre pechado facendo constancia no exterior destes mesmos datos e incluíndo no interior a seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou documento acreditativo da personalidade e nacionalidade do participante. No caso sinalado no punto 4.1 deberase achegar a documentación xustificativa que acredite a súa orixe ou ascendencia galega ou a súa condición de socio de centro galego.

b) Declaración xurada de que os traballos que presentan son orixinais, inéditos e se presentan por primeira vez a un concurso ou certame, agás as excepcións establecidas.

c) Ficha segundo modelo que figura como anexo a esta resolución (anexo II).

6. Lugar e prazo de presentación.

Os participantes remitirán os seus traballos á Secretaría Xeral de Emigración (rúa dos Basquiños, nº 2, 15704 Santiago de Compostela. A Coruña).

O prazo de presentación de traballos rematará o 15 de outubro de 2007.

A Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web: www.galiciaaberta.com o texto íntegro desta convocatoria de premios, a composición de xurado e a relación de persoas ou entidades que resulten premiadas.

7. Ditame e resolución.

A Secretaría Xeral de Emigración nomeará para o efecto un xurado integrado por tres especialistas nas materias obxecto dos premios. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Subdirección Xeral de Comunidades Galegas.

O xurado elevará, na correspondente acta, unha proposta de concesión de premios para cada modalidade á Secretaría Xeral. Esta resolverá conceder os premios, non podendo un mesmo autor acadar máis dun premio por modalidade.

Calquera premio poderá declararse deserto atendendo ao conxunto da calidade dos traballos presentados.

8. Difusión das obras premiadas:

8.1. A Secretaría Xeral de Emigración reservará para si o dereito de reproducir as obras premiadas, que quedarán na súa propiedade, para a súa utilización en actividades non comerciais. Os traballos e obras premiados serán obxecto de difusión a través da páxina web oficial da Secretaría Xeral de Emigración como medio para acadar a sensibilización sobre o fenómeno migratorio galego.

8.2. Os autores das obras presentadas e non premiadas poderán retiralas na Secretaría Xeral de Emigración, na rúa Os Basquiños nº 2, en Santiago de Compostela, antes do 31 de decembro de 2007.

8.3. A participación nesta convocatoria de premios supón a aceptación total das normas contidas nas bases xerais e nas específicas de cada premio.

Bases específicas da convocatoria para as distintas modalidades de concurso público cultural.

1. Premio de fotografía.

1.1. Modalidade analóxica.

Poderán presentarse un máximo de tres fotografías por participante. As fotografías poderán compoñer unha mesma unidade (reportaxe) ou ser presentadas por separado.

1.2. Modalidade dixital.

Poderán presentarse un máximo de tres fotografías por participante, en calquera formato. Aceptarase todo tipo de tratamento dixital, retoques ou fotomontaxes.

Os traballos poderán presentarse en CD ou mediante o seu envío por correo electrónico ao enderezo entidadesgalegas@xunta.es, no que figuren como arquivo anexo as fotografías presentadas a concurso, indicando no Asunto da mensaxe «Premios SXE 2007-fotografía dixital». O resto da documentación exixida no punto 5 será presentada consonte ao establecido no dito apartado.

2. Premio belas artes.

2.1. Modalidade de pintura.

A temática, tamaño, soporte, técnica ou procedemento empregado na elaboración das obras presentadas será libre.

2.2. Modalidade de debuxo.

A temática, tamaño, soporte, técnica ou procedemento empregado na elaboración das obras presentadas será libre.

3. Premio de comunicación.

Poderanse presentar a este premio aqueles artigos xornalísticos publicados durante este ano 2007, tanto en prensa escrita como dixital, así como aqueles programas de radio ou televisión emitidos durante este ano.

3.1. Modalidade prensa escrita e dixital.

De cada traballo publicado en prensa presentaranse dúas copias do orixinal en papel tamaño DIN A4, mecanografados a dobre espazo, incluíndo un exemplar do medio no que se publicou o artigo.

3.2. Modalidade radio e televisión.

Para os programas de radio ou televisión achegaranse dúas copias en formato DVD que recollan a gravación do espazo presentado a concurso. Na portada respectiva sinalárase o medio e a data no que foi emitido o programa.

4. Premio de deseño de carteis.

Os carteis poderán ser executados mediante calquera técnica ou procedemento, sempre que sexa susceptible a súa reprodución por medios técnicos normais.

As dimensións non poderán superar os 50x70 cm, en calquera disposición. Os traballos deberán ser presentados sobre un soporte ríxido que faga factible a súa exposición.

Nos carteis deberá figurar espazo libre suficiente para inserir os logotipos oficiais.

Unha selección dos traballos presentados ao concurso poderán ser exposta ao público, se así se considera conveniente, nas datas que se especificarán, sen necesidade de autorización expresa dos autores.

5. Premio a mellor páxina web creada polas entidades galegas no exterior.

5.1. Neste premio terán cabida os portais e páxinas web creadas ou editadas polas entidades galegas no exterior que non supoñan unha actividade de comercio electrónico.

5.2. O xurado valorará a calidade da páxina presentada a concurso así como o seu contido, deseño, orixinalidade e funcionalidade.

6. Premio á mellor revista editada polos entidades galegos no exterior.

6.1. Neste premio terán cabida as revistas editadas polas entidades galegas no exterior, calquera que sexa a súa periodicidade.

6.2. O xurado valorará a calidade da revista presentada a concurso así como o seu contido, deseño e orixinalidade.

6.3. As revistas deberán de ser publicadas durante os anos 2006-2007.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2007.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Emigración

ANEXO II
 A ACHEGAR EN SOBRE PECHADO

PROCEDIMENTO PREMIOS DESTINADOS ÁS COLECTIVIDADES DE GALEGOS RESIDENTES FÓRA DE GALICIA CONVOCADOS POLA SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA O ANO 2007	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO PR921E	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA OBRA/TRABALLO

PREMIO	MODALIDADE
TÍTULO DA OBRA / TRABALLO	
LEMA	

DATOS DO/A PARTICIPANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PAÍS	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO	ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS		

DATOS DO/A REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PAÍS	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO			

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA FICHA

FOTOCOPIA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE OU DOCUMENTO ACREDITATIVO DA PERSONALIDADE E NACIONALIDADE DO PARTICIPANTE. NO CASO SINALADO NO PUNTO 4.1 DEBERASE ACHEGAR A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE ACREDITE A SÚA ORIXE OU ASCENDENCIA GALEGA OU A SÚA CONDICIÓ DE SOCIO DE CENTRO GALEGO.

DECLARACIÓN XURADA DE QUE OS TRABALLOS QUE PRESENTAN SON ORIXINAIS, INÉDITOS E SE PRESENTAN POR PRIMEIRA VEZ A UN CONCURSO OU CERTAME, AGÁS AS EXCEPCIÓNS ESTABLECIDAS.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:**

Presta expresamente o seu consentimento á Presidencia da Xunta de Galicia para que, de acordo co establecido nos apartados 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 16 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convocan e regulan, para o ano 2007, diversos premios para o recoñecemento daqueles traballos que en diversos ámbitos culturais contribúan a un mellor coñecemento do fenómeno migratorio galego.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
--	--